

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas.

Un dos fins da EGAP, establecido no artigo 3 da Lei 14/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, é a difusión e normalización da lingua galega. Para conseguir este fin, cómpre concienciar os nenos e as nenas galegos da necesidade de fomentar a dinamización da nosa lingua e de coñecer e divulgar a cultura que a través dela nos transmitiron os nosos devanceiros.

Por esta razón, como un máis dos actos que a EGAP organiza para honrar as letras galegas e especialmente este ano a Antón Fraguas Fraguas, convócase, un ano máis, o premio de literatura infantil e xuvenil co obxecto de que os nenos e nenas galegos teñan a oportunidade de demostrar a súa capacidade para redactar en lingua galega e de exercitar a súa imaxinación para concibir historias e desenvolver as súas habilidades neste idioma.

Ao igual que na convocatoria do ano anterior, este ano prevese a posibilidade de que os contos poidan ser presentados tanto de forma presencial como electrónica. Esta alternativa permitirá aos nenos e ás nenas galegos ter a posibilidade de comezar a familiarizarse co emprego de ferramentas electrónicas e ademais contribuirá a que as persoas que presenten as solicitudes na súa representación teñan unha maior facilidade para comunicarse coa Administración. Así mesmo, esta medida contribuirá ao aforro de papel ás persoas interesadas.

En vista de todo o exposto,

RESOLVO:

Aprobar as bases reguladoras e convocar un premio de literatura infantil e xuvenil en que poderán participar os nenos e nenas galegos, que ten como obxectivo incentivar a creatividade literaria a través do uso da lingua galega, de acordo coas seguintes bases:

Primeira. *Obxecto e réxime xurídico*

Por medio desta resolución establecense as bases reguladoras e convócase, baixo o réxime de concorrencia competitiva, o Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das



Letras Galegas orientado aos nenos e nenas galegos, con idades comprendidas, segundo estas dúas categorías: de 9 a 11 anos e de 12 a 14 anos (código do procedemento PR775A).

A concesión dos premios rexerase por estas bases; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, subsidiariamente, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións.

Segunda. *Dotación e imputación orzamentaria*

Existirán en cada categoría tres premios en metálico, cada un deles coa seguinte dotation económica:

Categorías	De 9 a 11 anos	De 12 a 14 anos
1º premio	250 euros	250 euros
2º premio	200 euros	200 euros
3º premio	150 euros	150 euros

Estas cantidades serán imputadas aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2019 con cargo á aplicación orzamentaria da EGAP 05.80.122B.4800 e estarán suxeitas ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. A convocatoria de subvencións regulada nesta orde tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito suficiente previsto no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

Así mesmo, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Fazenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, o crédito previsto e, xa que logo, a concesión das subvencións, queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019 para financiar as obrigas derivadas da convocatoria.



Terceira. *Participantes e contido*

Poderán optar aos premios os nenos e nenas galegos con idades comprendidas entre estas dúas categorías: de 9 a 11 anos e de 12 a 14 anos. A idade estará referida á data de finalización do prazo de presentación de traballos.

Os contos deberán redactarse en lingua galega e a súa temática será libre, á elección das persoas participantes. Os textos deberán ser presentados en folios A4, mecanografiados por unha soa cara, a un espazo e medio, con formato de fonte Times New Roman, tamaño 12 e cunha extensión mínima dun folio e máxima de cinco.

Non poderán acceder a estes premios as persoas participantes cuxos representantes legais se atopen afectados por algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os fillos e fillas de quen sexa integrante do xurado non poderán presentar textos a esta convocatoria.

Cuarta. *Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanxe presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinta. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas que opten pola presentación electrónica deberán formular a súa solicitude, mediante a presentación do anexo I, e presentarán a seguinte documentación, en arquivos independentes:



a) O texto do conto. Este arquivo nomearase co título do conto e o pseudónimo da persoa autora.

b) Unha copia do libro de familia onde consten o nome, apelidos e idade do/a menor que se presenta ao concurso.

No caso de que se opte pola presentación presencial, á solicitude, que deberá formularse mediante a presentación do anexo I, deberá xuntarse a seguinte documentación:

a. Un sobre tamaño folio, pechado, coa seguinte inscrición: Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas, acompañado do pseudónimo e o título do conto. Este sobre incluirá o texto do conto en folio formato A4.

b. Unha copia do libro de familia onde consten o nome, apelidos e idade do/da menor que se presenta ao concurso.

Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requerir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



4. Co obxecto de garantir o anonimato das persoas que redacten os contos, tanto na presentación presencial como na electrónica cumpliranse as seguintes exixencias:

– Na cabeceira do conto indicarase exclusivamente o título do conto presentado e o pseudónimo.

– Neste texto non poderá figurar ningún dato que permita identificar a persoa participante e romper o anonimato.

Sexta. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos das persoas representantes legais do/da menor incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) DNI ou NIE da persoa representante.

c) Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias que constan en poder da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

d) Certificación do cumprimento das obrigas tributarias que constan en poder da Administración autonómica.

e) Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas coa Seguridade Social que constan en poder da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. No caso de que as persoas representantes legais do/da menor se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos datos citados poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. *Instrucción e tramitación das solicitudes*

A Dirección da EGAP, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos recollidos no artigo 21 da



Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e realizará de oficio cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar o ditame de concesión dos premios. En particular, terá atribuídas especificamente as funcións de recepción dos orixinais presentados, a instrución e o requirimento ás persoas solicitantes da emenda, se for necesario.

Oitava. *Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibelas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móvil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.



4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obligatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. Xurado

Para a valoración dos textos constituirase un xurado formado por seis persoas das cales cinco pertencerán ao ámbito literario e docente. As funcións da secretaría, con voz e sen voto, realizaraas unha persoa integrante do cadre de persoal da EGAP proposta pola súa dirección.

A persoa que exerce a presidencia dirimirá co seu voto de calidade os empates en caso de producírense. A composición do xurado, na cal se procurará unha presenza equilibrada de mulleres e homes, farase pública na páxina web da EGAP.

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia, como mínimo, de dous terzos das persoas que o integran. As súas deliberacións serán secretas e da decisión redactarase a acta correspondente, que será asinada pola persoa que exerce a presidencia e a que exerce a secretaría.

Os premios poderán ser declarados desertos, se así o considera o xurado.

Co fin de garantir o anonimato, a Dirección da EGAP facilitará ao xurado, para o desenvolvemento das súas funcións, únicamente o documento/sobre, segundo corresponda, relativo ás obras presentadas, e manterá custodiada a identidade da persoa autora ata que se resolva o procedemento.

Décimo primeira. *Criterios de valoración, exame e proposta de resolución: ditame do xurado*

O xurado, tendo en conta os criterios de valoración que se especifican a seguir, relacionará os textos presentados por orde de prelación na acta correspondente.



O xurado, á hora de avaliar os textos presentados, terá en conta os seguintes criterios de valoración:

- a) Calidade literaria: 15 puntos.
- b) Orixinalidade: 15 puntos.
- c) Valores relacionados coa nosa cultura e país: 10 puntos.
- d) Coidado da lingua: 10 puntos.

Décimo segunda. *Resolución, comunicación e aceptación*

A Dirección da EGAP, con base na proposta do xurado, resolverá o procedemento de concesión dos premios no prazo de cinco días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Para tal efecto, unha vez que o xurado eleve a proposta, a Dirección da EGAP abrirá o documento/sobre, segundo corresponda, relativo á identidade das persoas participantes.

Cada unha delas debe aceptar o premio no prazo de cinco días, que se contarán a partir do día seguinte a aquel en que se publique a resolución de concesión do premio.

Décimo terceira. *Publicación dos actos*

A resolución do premio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a dita resolución será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da EGAP.

Décimo cuarta. *Recursos*

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a directora da EGAP no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento ad-



ministrativo común das administracións públicas. Así mesmo, cabe a interposición directa dun recurso contencioso-administrativo ante os xulgados desa xurisdición que resulten competentes, no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da antedita publicación, de conformidade co disposto polos artigos 8.2 e 14 e 46, respectivamente, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinta. *Transparencia e bo governo*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a EGAP publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, as persoas físicas beneficiarias do premio están obrigadas a subministrar á EGAP, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requerida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Décimo sexta. *Datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Escola Galega de Administración Pública, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas,



reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Décimo séptima. *Pagamento dos premios*

Os premios outorgados serán aboados dentro do exercicio económico 2019. Así mesmo, e ao resultar que o requisito de achega da documentación necesaria para a xustificación e cobramento do premio xa foi cumprido mediante a presentación da solicitude de participación, non será necesario presentar ningunha outra documentación complementaria para a súa liquidación.

Décimo oitava. *Retirada de orixinais non premiados*

Os textos non premiados poderán ser retirados das oficinas da EGAP, logo de presentar a solicitude de retirada asinada pola persoa que exerza a representación legal do/da menor e unha identificación no momento da súa recollida, nun prazo de trinta (30) días contados a partir do seguinte ao da comunicación do xurado. Aqueles que non sexan retirados no prazo indicado serán destruídos, sen que caiba ningunha reclamación ao respecto.

Décimo novena. *Información e control*

As persoas que representan legalmente as persoas beneficiarias dos premios quedan sometidas ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da



Comunidade Autónoma, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou polo Consello de Contas, segundo a súa normativa propia.

Ademais, deberáselle facilitar á EGAP toda a información e documentación complementarias que considere precisa para a concesión ou o aboamento do importe dos premios.

Vixésima. *Aceptación e desenvolvemento das bases*

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública



**XUNTA DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA.
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**ANEXO I**

PROCEDIMENTO PREMIOS DO CONCURSO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO PR775A	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PESSOA SOLICITANTE NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> TIPO DE VÍA <input type="text"/> NOME DA VÍA <input type="text"/> NÚMERO <input type="text"/> BLOQUE <input type="text"/> ANDAR <input type="text"/> PORTA <input type="text"/> PARROQUIA <input type="text"/> LUGAR <input type="text"/> CP <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/>		
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN Notifíquese a: <input type="radio"/> Pessoal solicitante <input type="radio"/> Pessoal ou entidade representante Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móvil facilitados a seguir: TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/> ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente. <input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da pessoa indicada. <input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente) As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da pessoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria. TIPO <input type="text"/> NOME DA VÍA <input type="text"/> NÚM. <input type="text"/> BLOQUE <input type="text"/> ANDAR <input type="text"/> PORTA <input type="text"/> PARROQUIA <input type="text"/> LUGAR <input type="text"/> CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/>		
DATOS BANCARIOS Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada. TITULAR DA CONTA <input type="text"/> NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) <input type="text"/> IBAN <input type="text"/>		
DATOS DO/DA MENOR AUTOR/A DO TRABALLO NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> DATA DE NACEMENTO <input type="text"/> TÍTULO DO CONTO <input type="text"/> PSEUDÓNIMO <input type="text"/>		
A PESSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA 1. Que o texto é inédito e non foi representado nin premiado en ningún momento anterior. 2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.		

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA.
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZAANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Un sobre tamén folio, pechado, coa seguinte inscrición: Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas, acompañado do pseudónimo e o título do conto. Este sobre incluirá o texto do conto en folio formato A4.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do libro de familia onde consten os datos de nome e apelidos e idade do/da menor que se presenta ao concurso			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracions públicas. No caso de que as persoas interesadas se oponan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á CONSULTA

DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado acreditativo de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	<input type="checkbox"/>
Certificado acreditativo de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa Atriga	<input type="checkbox"/>
Certificado acreditativo de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracions públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e más información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APPLICABLE

Resolución do 19 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

[] , [] de [] de []

galicia



Escola Galega de Administración Pública - EGAP

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal/> formas previstas na súa norma reguladoraXUNTA
DE GALICIAISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>